

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de xuño de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados:**

D. Javier Pardo Espiñeira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de xuño de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(773).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(774).- PROPOSTA DE COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A RESOLUCIÓN DO EXPTE. 10618/306 DE ADXUDICACIÓN DOS POSTOS DE TEMPORADAS DE PRAIAS DO MUNICIPIO. EXPTE. 5268/241.**

Dáse conta da proposta do concelleiro delegado de Contratación, de data 26.06.15, que di o seguinte:

*O órgano de contratación do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, a tenor do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en*

adiante TRLCSP), deberá ser asistida por unha Mesa de contratación, que será o órgano competente para a valoración das ofertas (artigo 320.1 TRLCSP).

A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 320.2 TRLCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario (artigo 320.3 TRLCSP).

A Mesa de Contratación con carácter permanente do concello de Vigo foi aprobada por acordo da Xunta de goberno celebrada o 26-06-2015, para que esta Mesa poda ser operativa terá que publicarse a súa composición no perfil do contratista e no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de 7 días (artigo 21-4º do Real Decreto Lexislativo 817/2009 polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Tendo en conta estes prazos a Mesa non poderá constituirse ata o mediados do mes de xullo.

Tendo en conta que as ofertas para o expediente para a adxudicación dos postos de temporadas praias xa están presentadas e para non retrasar a adxudicación dos mesmos pódese constituir unha mesa de contratación específica para este expediente.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 320.3 TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A Mesa de Contratación para a resolución do expediente 10618-306 para a adxudicación dos postos nas praias do municipio estará integrada polos seguintes membros:

1. Presidente: D. David Regades Fernández, Concelleiro delegado de Contratación. Suplentes:

- D. Javier Pardo Espiñeira
- D. Carlos López Font
- D. Santos Héctor Rodríguez
- Dna. María José Caride Estévez
- Dna. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey

2. Vogais:

- D. Javier Pardo Espiñeira, suplentes: D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, Dna. María José Caride Estévez e Dna. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.
- Dna. Elena Muñoz Fonteriz, suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias.
- D. Rubén Pérez Correa, suplentes: Dna. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez.

### 3. Titular da Asesoría Xurídica

#### Suplentes:

- D. Pablo Olmos Pita, Técnico de administración xeral, letrado da Asesoría Xurídica
- D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, Técnica de administración xeral, letrada adxunta ao xefe do servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica.
- D. Xesús Costas Abreu, Técnico de administración xeral, letrado xefe deste último servizo.

### 4. Interventor Xeral:

#### Suplentes:

- D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodriguez, Técnico de fiscalización e control financeiro
- D<sup>a</sup>. Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización.
- D. Javier Muradas Blanco, Técnico Medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral.

### 5. Secretario Xeral do Pleno:

- Suplente: Secretario da Administración Municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

### 6. Xefe do servizo de Medio Ambiente.

### 7. Secretario:

- D<sup>a</sup> Beatriz Barbara Rodríguez, xefa do servizo de Contratación.
- D. José Manuel Vieites Alén, xefe da oficina administrativa de Contratación.
- Suplente: D. Lucio Varela Borreguero, técnico de administración xeral.

Segundo: En casos de ausencia ou enfermidade, e en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes.

Terceiro: Notificar, a través do Servizo de Contratación o presente acordo ós interesados e proceder a súa publicación no perfil de contratante do concello de Vigo e dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **3(775).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS BIOSAUDABLES. EXPTE. 7691/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 26.05.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 26 de maio de 2015, entre outros, acordou:

7.- Proposta de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 24 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446)." no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

LOTE 1	Puntos
LAPPSET ESPAÑA VR,SL.	100
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L	98,74
SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L	87,65
BENITO URBAN S.L.U	80,96
BRICANTEL ESPAÑA,S.L.	49,21
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	39,47

LOTE 2	Puntos
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L	100
BENITO URBAN S.L.U	84,55
SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L	83,12
BRICANTEL ESPAÑA,S.L.	80,1

GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	73,2
GALOPIN PLAYGROUNDS S.L.	54,51

LOTE 3	Puntos
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L	100
SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L	85,13
BENITO URBAN S.L.U	84,08
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	71,76
BRICANTEL ESPAÑA,S.L.	71,75
GALOPIN PLAYGROUNDS S.L.	47,94

LOTE 4	Puntos
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L	99,26
BENITO URBAN S.L.U	85
SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L	81,65
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	74,75
GALOPIN PLAYGROUNDS S.L.	54,02
BRICANTEL ESPAÑA,S.L	53,16

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, LAPPSET ESPAÑA VR,SL. (lote 1) e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3 e 4), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador LAPPSET ESPAÑA VR,SL. (lote 1) e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3 e 4), o aboamento de 180,16 euros e 540,48 euros respectivamente en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 27 de abril de 2015, Presentaron a documentación o día 07 e maio de 2015 LAPPSET ESPAÑA VR,SL. (lote 1) e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3,e 4)

Terceiro .-A mesa de contratación celebrada o 12 de maio de 2015 a vista da documentación presentada por LAPPSET ESPAÑA VR,SL. (lote 1) e GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3,e 4) acordou outorgar un prazo de tres días para que ditos licitadores depositen a garantía complementaria do catro por cento do prezo do contrato sen IVE, no caso de LAPPSET ESPAÑA VR,SL. (lote 1) correspondente cos catro anos que ofertaron de mellora do prazo de garantía e do seis por cento no caso de GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3 e 4) correspondente cos seis anos que ofertaron de mellora do prazo de garantía

Cuarto.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de maio de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Adxudicar á LAPPSET ESPAÑA VR,SL.o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446) por un prezo de 34.393,64 euros e unha ampliación do prazo de garantía de catro anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo: Adxudicar á GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3,e 4) do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446) por un prezo respectivo de 23.074,70 euros, 28.701,20 euros e 31.024,40 euros respectivamente e unha ampliación do prazo de garantía de seis anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Así mesmo, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 22.06.2015, dáse conta do informe-proposta do 25.06.2015, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*“O informe da Intervención Xeral de 22-06-2015 respecto do expediente de subministración de elementos biosaudables para zonas verdes informa que non se dou conta a Xunta de Goberno das seguintes exclusións efectuadas pola Mesa de Contratación*

*A mesa de na súa sesión de data 25-03-2015, tras a apertura das ofertas económicas, de “Non admitir na presente licitación a:*

- MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA, S.L.U., por canto a oferta económica non estaba asinada por persoa con poder de representación.*
- MOYCOSA, S.A., por non ter acreditado solvencia técnica e económica suficiente para presentarse aos catro lotes*

Comprobada esta circunstancia *proponse engadir nas propostas de acordo de adxudicación que figuran neste acordo as seguintes circunstancias:*

*“Dar conta dos seguintes acordos da Mesa de Contratación polas que se excluiron aos seguintes licitadores:*

*Acordo da mesa de data 25-03-2015, tras a apertura das ofertas económicas, de “Non admitir na presente licitación a:*

- MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA, S.L.U., por canto a oferta económica non estaba asinada por persoa con poder de representación.*
- MOYCOSA, S.A., por non ter acreditado solvencia técnica e económica suficiente para presentarse aos catro lotes.”*

#### Acordo:

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coas propostas precedentes acorda:

1º.- Quedar enterada dos seguintes acordos da Mesa de Contratación polas que se excluiron aos seguintes licitadores:

*Acordo da mesa de data 25-03-2015, tras a apertura das ofertas económicas, de “Non admitir na presente licitación a:*

- MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA, S.L.U., por canto a oferta económica non estaba asinada por persoa con poder de representación.*
- MOYCOSA, S.A., por non ter acreditado solvencia técnica e económica suficiente para presentarse aos catro lotes..*

2º.- Adxudicar á LAPPSET ESPAÑA VR,SL.o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446) por un prezo de 34.393,64 euros e unha ampliación do prazo de garantía de catro

anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar á GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L (lotes 2,3,e 4) do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos biosuadables. (expediente 7691-446) por un prezo respectivo de 23.074,70 euros, 28.701,20 euros e 31.024,40 euros respectivamente e unha ampliación do prazo de garantía de seis anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

#### **4(776).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 7690/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 26.05.15, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 26 de maio de 2015 as 09:30 horas e as 13:30 horas, entre outros, acordou:*

##### *7.- Proposta de adxudicación*

*a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantiles. (expediente 7690-446).*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de elementos de xogo para parques infantiles. (expediente 7690-446).*

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

*3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 7690/446.*



Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantiles. (expediente 7690-446)" no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

<i>Licitadores LOTE 1</i>	<i>Puntos</i>
<i>BRICANTEL ESPAÑA,S.L.</i>	<i>100</i>
<i>GALOPIN PLAYGROUNDS S.L</i>	<i>89,72</i>
<i>MOYCOSA S.A</i>	<i>89,25</i>
<i>MOBIPARK, S.L.</i>	<i>88,97</i>
<i>LAPPSET ESPAÑA VR,SL.</i>	<i>87,91</i>
<i>CONTENUR S.LCASFENSA PROYECTOS S.L</i>	<i>86,86</i>
<i>ARAFOS TECNIC S.L</i>	<i>86,77</i>
<i>HPC Ibérica, S.A</i>	<i>85,36</i>
<i>SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L</i>	<i>83,75</i>
<i>EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A</i>	<i>73,65</i>
<i>GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L</i>	<i>59,94</i>
<i>CASFENSA PROYECTOS S.L</i>	<i>59,48</i>
<i>GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L</i>	<i>35,78</i>

<i>Licitadores LOTE 2</i>	<i>Puntos</i>
<i>CONTENUR S.L</i>	<i>100</i>
<i>LAPPSET ESPAÑA VR,SL.</i>	<i>99,12</i>
<i>HPC Ibérica, S.A</i>	<i>96,06</i>
<i>GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L</i>	<i>91,58</i>
<i>GALOPIN PLAYGROUNDS S.L</i>	<i>91,35</i>
<i>MOYCOSA S.A</i>	<i>88,38</i>
<i>MOBIPARK, S.L.</i>	<i>80,19</i>
<i>GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L</i>	<i>77</i>
<i>SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L</i>	<i>76,6</i>

CALFENSA PROYECTOS S.L	72,33
BRICANTEL ESPAÑA,S.L.	69,87
EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A	66,09

Licitadores LOTE 3	Puntos
GALOPIN PLAYGROUNDS S.L	100
MOBIPARK, S.L.	96,25
MOYCOSA S.A	94,84
CONTENUR S.L	92,2
EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A	89,66
HPC Ibérica, S.A	89,55
SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L	88,45
LAPPSET ESPAÑA VR,SL.	87,62
ARAFOS TECNIC S.L	73,81
CALFENSA PROYECTOS S.L	41,1
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L	37,42
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.	8,64

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BRICANTEL ESPAÑA,S.L.. (lote 1), CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (lote 1), CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), o aboamento de 229,23 euros respectivamente en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

*Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 27 de abril de 2015, Presentaron a documentación o día 06 e maio de 2015 CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3) en canto a BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (lote 1) non presentou dita documentación no prazo requerido.*

*Terceiro.- A mesa de contratación celebrada o 12 de maio de 2015 a vista da documentación presentada por CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3) acordou outorgar un prazo de tres días para que ditos licitadores depositen a garantía complementaria do catro por cento do prezo do contrato sen IVE, no caso de CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), correspondente cos catro anos que ofertaron de mellora do prazo de garantía .*

*Cuarto .- Como a empresa Bricantel España, S.L, (lote 1) non presentou a documentación requirida no prazo outorgado a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Requirir aos licitadores clasificados en segundo lugar GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 1), xa que o licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 BRICANTEL ESPAÑA,S.L. non a presentou a documentación requirida no prazo outorgado, , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares e garantía complementaria polo aumento do prazo de garantía ofertado.*

*Segundo Cuarto.- Requirir a GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), o aboamento de 229,23 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

*Quinto.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de maio de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento para os lotes 1 e 3 deixando pendente o lote 2 para que se complete a garantía definitiva con 2 céntimos..*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*Adxudicar á GALOPIN PLAYGROUNDS S.L os lotes 1 (Teixugueiras-Navia) e 3 (Pizarro), do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantís. (expediente 7690-446) por un prezo respectivo de 42.285,59 euros e 16.668,71 euros e unha ampliación do prazo de garantía de catro anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

*a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantís. (expediente 7690-446).*

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto da subministración de elementos de xogo para parques infantís. (expediente 7690-446).*

#### ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 24 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

*3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS, EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE ELEMENTOS DE XOGO PARA PARQUES INFANTÍS. EXPTE. 7690/446.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantís. (expediente 7690-446)" no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:*

<i>Licitadores LOTE 1</i>	<i>Puntos</i>
<i>BRICANTEL ESPAÑA,S.L.</i>	<i>100</i>
<i>GALOPIN PLAYGROUNDS S.L</i>	<i>89,72</i>
<i>MOYCOSA S.A</i>	<i>89,25</i>
<i>MOBIPARK, S.L.</i>	<i>88,97</i>
<i>LAPPSET ESPAÑA VR,SL.</i>	<i>87,91</i>
<i>CONTENUR S.LCÁLFENSA PROYECTOS S.L</i>	<i>86,86</i>
<i>ARAFOS TECNIC S.L</i>	<i>86,77</i>
<i>HPC Ibérica, S.A</i>	<i>85,36</i>
<i>SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L</i>	<i>83,75</i>
<i>EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A</i>	<i>73,65</i>
<i>GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L</i>	<i>59,94</i>
<i>CÁLFENSA PROYECTOS S.L</i>	<i>59,48</i>
<i>GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L</i>	<i>35,78</i>

<i>Licitadores LOTE 2</i>	<i>Puntos</i>
<i>CONTENUR S.L</i>	<i>100</i>
<i>LAPPSET ESPAÑA VR,SL.</i>	<i>99,12</i>
<i>HPC Ibérica, S.A</i>	<i>96,06</i>
<i>GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L</i>	<i>91,58</i>
<i>GALOPIN PLAYGROUNDS S.L</i>	<i>91,35</i>
<i>MOYCOSA S.A</i>	<i>88,38</i>
<i>MOBIPARK, S.L.</i>	<i>80,19</i>
<i>GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L</i>	<i>77</i>
<i>SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L</i>	<i>76,6</i>
<i>CÁLFENSA PROYECTOS S.L</i>	<i>72,33</i>

BRICANTEL ESPAÑA,S.L.	69,87
EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A	66,09

Licitadores LOTE 3	Puntos
GALOPIN PLAYGROUNDS S.L	100
MOBIPARK, S.L.	96,25
MOYCOSA S.A	94,84
CONTENUR S.L	92,2
EQUIPAMIENTOS DEPORTIVOS, S.A	89,66
HPC Ibérica, S.A	89,55
SILMAR SERVICIOS Y EQUIPAMIENTO URBANO, S.L	88,45
LAPPSET ESPAÑA VR,SL.	87,62
ARAFOS TECNIC S.L	73,81
CALFENSA PROYECTOS S.L	41,1
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L	37,42
GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L.	8,64

*Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BRICANTEL ESPAÑA,S.L.. (lote 1), CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (lote 1), CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), o aboamento de 229,23 euros respectivamente en concepto de custe dos anuncios de licitación".*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 27 de abril de 2015, Presentaron a documentación o día 06 e maio de 2015 CONTENUR, S.L. (lote 2)*

e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3) en canto a BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (lote 1) non presentou dita documentación no prazo requerido.

Terceiro A mesa de contratación celebrada o 12 de maio de 2015 a vista da documentación presentada por CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3) acordou outorgar un prazo de tres días para que ditos licitadores depositen a garantía complementaria do catro por cento do prezo do contrato sen IVE, no caso de CONTENUR, S.L. (lote 2) e GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), correspondente cos catro anos que ofertaron de mellora do prazo de garantía .

Cuarto .- Como a empresa Bricantel España, S.L,(lote 1) non presentou a documentación requirida no prazo outorgado a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Requirir aos licitadores clasificados en segundo lugar GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 1), xa que o licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 BRICANTEL ESPAÑA,S.L. non a presentou a documentación requirida no prazo outorgado, , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares e garantía complementaria polo aumento do prazo de garantía ofertado.

Segundo Cuarto.- Requirir a GALOPIN PLAYGROUNDS S.L (lote 3), o aboamento de 229,23 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Quinto.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 26 de maio de 2015 as 09:30, comprobou que faltaban 2 céntimos de euro na garantía definitiva, completada a mesma, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento para o lote 2.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*Adxudicar á CONTENUR, S.L o lote 2 (Praza Independencia) do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantís. (expediente 7690-446) por un prezo de 39.203,39 euros e unha ampliación do prazo de garantía de catro anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.*

Así memo, visto o informe da Intervención Xeral Municipal do 22.06.2015, dáse conta do informe-proposta do 25.06.2015, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

*“O informe da Intervención Xeral de 22-06-2015 respecto do expediente de subministración de elementos para xogo para parques infantís informa que non se dou conta a Xunta de Goberno das seguintes exclusións efectuadas pola Mesa de Contratación*

- A mesa de data 19-03-2015: “Non admitir na presente licitación a JUEGOS KOMPAN, S.A. xa que incluiu a oferta económica no sobre que contén a documentación persoal. Esta circunstancia foille notificada a empresa o 27-04-2015*
- A mesa de data 25-03-2015: “Non admitir na presente licitación a:  
-MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA, S.L.U, por canto a oferta económica non estaba asinada por persoa con poder de representación.  
-BRICANTEL ESPAÑA, S.L., se exclúe do lote 3 por exceder do tipo de licitación.*

*Comprobada esta circunstancia proponse engadir nas propostas de acordo de adxudicación que figuran neste acordo as seguintes circunstancias:*

*“Dar conta dos seguintes acordos da Mesa de Contratación polas que se excluíron aos seguintes licitadores:*

- Acordo da mesa de data 19-03-2015: “Non admitir na presente licitación a JUEGOS KOMPAN, S.A. xa que incluiu a oferta económica no sobre que contén a documentación persoal. Esta circunstancia foille notificada a empresa o 27-04-2015*
- Acordo da mesa de data 19-03-2015: “Non admitir na presente licitación a  
-MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA, S.L.U, por canto a oferta económica non estaba asinada por persoa con poder de representación.  
-BRICANTEL ESPAÑA, S.L., se exclúe do lote 3 por exceder do tipo de licitación.”*



### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coas propostas precedentes, acorda:

1º.- Quedar enterada dos seguintes acordos da Mesa de Contratación polas que se excluíron aos seguintes licitadores:

- Acordo da mesa de data 19-03-2015: “Non admitir na presente licitación a JUEGOS KOMPAN, S.A. xa que incluiu a oferta económica no sobre que contén a documentación persoal. Esta circunstancia foille notificada a empresa o 27-04-2015.
- Acordo da mesa de data 19-03-2015: “Non admitir na presente licitación a  
-MOBILIARIO URBANO Y PARQUES DE CASTILLA, S.L.U, por canto a oferta económica non estaba asinada por persoa con poder de representación.  
  
-BRICANTEL ESPAÑA, S.L., se exclúe do lote 3 por exceder do tipo de licitación.”

2º.- Adxudicar á GALOPIN PLAYGROUNDS S.L os lotes 1 (Teixugueiras-Navia) e 3 (Pizarro), do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantiles. (expediente 7690-446) por un prezo respectivo de 42.285,59 euros e 16.668,71 euros e unha ampliación do prazo de garantía de catro anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

3º.- Adxudicar á CONTENUR, S.L o lote 2 (Praza Independencia) do procedemento aberto para a contratación da subministración de elementos de xogo para parques infantiles. (expediente 7690-446) por un prezo de 39.203,39 euros e unha ampliación do prazo de garantía de catro anos. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**5(777).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR SPETEL GALICIA S.L., CONTRA EL ACORDO DE DESESTIMIENTO DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO DE DISPOSITIVOS DE IMPRESIÓN. EXPTE. 7075/113.**

Dáse conta do informe da xefa do Servizo de Contratación do 26.06.15, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (PCAP).

#### ANTECEDENTES

D. Antonio Carballo Fernández, en nome e representación da empresa SPETEL GALICIA, S.L., (en adiante SPETEL ou o recorrente) mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC ou o tribunal), de 12 de xuño de 2015, interpon recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), de 24 de abril de 2015, de desestimento no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión.

E preciso comezar realizando unha relación cronolóxica dos principais fitos deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 21 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local acordou aproba-lo expediente incoado para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión por procedemento aberto e tramitación ordinaria, aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberían de rexe-lo mesmo, autoriza-lo gasto de dito contrato e abri-lo procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data 27 de novembro de 2014 se anuncia a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- No Diario Oficial da Unión Europea, en data 2 de decembro de 2014, abríndose o prazo de presentación de ofertas que finalizaría o día 9 de xaneiro de 2015.
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en data 10 de decembro de 2014.
- No Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, en data 12 de decembro de 2014.

Cuarto.- En data 12 de xaneiro de 2015, a Secretaría do Goberno Local certifica que durante o prazo concedido ó efecto presentaron ofertas ó procedemento as seguintes mercantís:

1. NEA F3 IBÉRICA, S.L.
2. CANON ESPAÑA, S.A..
3. SPETEL GALICIA, S.L.
4. DOCUMENTACIÓN E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L.
5. XEROX ESPAÑA, S.A.U.
6. CARLINGAL, S.L.

Quinto.- En data 13 de xaneiro de 2015, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, procede á apertura e calificación da documentación persoal, concedéndose un prazo de subsanación de tres días ás mercantís SPETEL GALICIA e CARLINGAL e admitíndose no procedemento ó resto dos licitadores presentados. Durante o prazo de subsanación SPETEL acredita os extremos que lle foron requeridos e é admitida no procedemento, en sesión da mesa de 20 de xaneiro de 2015.

Sexto.- En data 20 de xaneiro de 2015 se procede á apertura da oferta técnica, valorándose esta en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 6 de febreiro de 2015, que é aceptado pola Mesa de Contratación en sesión de 10 de febreiro.

Sétimo.- En data 13 de febreiro de 2015, en acto público, a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación económica, que se valora en informe do xefe do servizo de Administración electrónica de data 17 de febreiro de 2015. Perante a imposibilidade de unificar as ofertas con relación ó criterio de adxudicación establecido no apartado 9.B.6, relativo ós prezos das unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato, a mesa, en data 24 de febreiro de 2015, acordou solicitar aclaración das súas ofertas ós licitadores.

Octavo.- En data 20 de abril de 2015, o xefe-adxunto do servizo de Administración electrónica (servizo xestor do contrato), na súa calidade de responsable do contrato, en escrito de data 20 de abril de 2015, manifesta a conveniencia de propoñer ó órgano de contratación o desestímulo do procedemento aberto para a contratación do subministro de dispositivos de impresión en réxime de arrendamento por canto o modelo de proposición incluído no apartado 7.B.6 da Folla de especificacións do contrato (en adiante HEC) do PCAP non está redactado de forma clara, e foi interpretado de maneira diferente polos licitadores admitidos no procedemento, resultando imposible armonizar as diferentes ofertas de cara a valorar o criterio de adxudicación recollido no apartado 9.B.5 da HEC, "Prezo do equipamento a maiores do solicitado".

Noveno.- En data 24 de abril de 2015, a XGL acordou declarar o desestímulo do procedemento e iniciar un novo. Este acordo lle foi notificado ós licitadores en data 30 de abril de 2015.

Décimo.- En data 18 de maio de 2015, D. Antonio Carballo Fernández, en nome e representación da empresa SPETEL GALICIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación

contra o acordo de desestimento perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC ou o tribunal), de 12 de xuño de 2015.

Undécimo.- Recibido o recurso, ó examina-lo expediente, a xefa do servizo de Contratación do Concello de Vigo, detecta un erro no acordo de desestimento, polo que propón á XGL unha corrección de erros materiais do mesmo.

Duodécimo.- En data 22 de maio de 2015, a XGL acorda:

*“1º.- Rectificar no segundo parágrafo do fundamento xurídico terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, de desestimento no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113) a referencia ó número 5 do modelo de proposición recollido no apartado 7.B da Folla de especificacións do contrato do Prego de cláusulas administrativas particulares, sustituíndoa pola referencia ó punto 6 do citado modelo de proposición que dí:*

*“6.- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte taboa (IVE incluído) (...)*

*2º.- Incorporar un apartado 4º ó citado acordo do seguinte teor “Contra a presente resolución se poderá interpoñer recurso especial en materia de contratación perante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó da súa notificación.*

*Se incorpora ó presente acordo o texto corrixido da resolución de desestimento no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión (expediente 7075-113).*

*3º.- Dar traslado do presente acordo ós licitadores que presentaran oferta neste procedemento”.*

Este acordo foi obxecto de notificación ós licitadores en data 26 de maio do mesmo ano.

Décimo terceiro.- Recibido o recurso, se da traslado do mesmo ó xefe do servizo xestor, que emite informe sobre o mesmo en data 25 de xuño de 2015, e que se reproduce a continuación:

“O apartado 9.B.5 do Anexo I do prego de cláusulas administrativas se ponderan 10 puntos mediante a seguinte fórmula:

$$\sum (p_i * (VPM_{ij} / VP_{ij})) / 500$$

VP<sub>ij</sub>= Prezo de equipos P<sub>i</sub> (i=1,6) ofertados no ano j de contrato

VPM<sub>ij</sub>= Prezo da mellor oferta para equipos tipo P<sub>i</sub> (i=1,6) no ano j de contrato (j=1,5)

p<sub>i</sub>= peso de ponderación do tipo de equipo P<sub>i</sub> :p<sub>1</sub>=5 p<sub>2</sub>=10 p<sub>3</sub>=20 p<sub>4</sub>=30 p<sub>5</sub>=30 p<sub>6</sub>=5

En dita fórmula o criterio adxudicación das puntuacións se fixa tomando como referencia o valor da oferta máis ventaxosa para o Concello. Nos pregos de condicións non se contempla a recollida dos equipos que se soliciten, é dicir non se contempla a posibilidade de pedir un equipo e usalo durante uns meses ou un período diferente do que resta dende a data na que se solicite ata a data de finalización do contrato. Se pide prezo polos equipos que se poidan entregar nos sucesivos exercicios pero non se fai referencia ó período de tempo que cubre o importe a reseñar na oferta, isto implica que o valor numérico da oferta pode interpretarse por parte do licitador

dende importe por mes, importe por ano ou importe total ata a resolución do contrato. Esta indefinición, e dado que a asignación das puntuacións ás diferentes ofertas non teñen como referencia un valor base (como así sucede no criterio 9.B.1 na que sí se fixa un valor numérico base e se realiza o cálculo de asignación de puntos en base a outra fórmula completamente diferente) senon con respecto á oferta máis ventaxosa para a administración, o cal implica que a puntuación a tódalas ofertas varíe en función de diferentes interpretacións que se poidan realizar dos valores numéricos propostos.

En caso de optar pola opción máis ventaxosa para cada unha das ofertas pode ter como consecuencia, dado o sistema de cálculo, a penalización das ofertas realizadas polo resto de licitadores.

En principio parece lóxico asumir que a opción máis ventaxosa para as ofertas, que non especifican o prazo temporal polo importe á hora de adxudicá-las puntuacións, sería tomar como período temporal o máis longo, é dicir 5 anos os solicitados na primeira anualidade do contrato, 4 o segundo e así sucesivamente ata o quinto ano.

Neste caso a puntuación quedaría da seguinte maneira:

Descripción valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Primeiro ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		228,36	43,48	2,85	140,00
Tipo 2	10		166,44	105,43	3,10	177,80
Tipo 3	20		420,84	206,51	6,02	279,80
Tipo 4	30		811,56	489,10	13,58	702,00
Tipo 5	30		854,64	630,40	12,10	779,80
Tipo 6	5		3457,92	4332,36	93,57	7099,80
<b>Puntos</b>			<b>0,03</b>	<b>0,05</b>	<b>2</b>	<b>0,04</b>
Descripción valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Segundo ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		271,80	43,48	4,03	198,75
Tipo 2	10		198,24	105,43	4,40	252,25
Tipo 3	20		505,32	206,51	8,71	396,75
Tipo 4	30		979,68	489,10	19,89	950,50
Tipo 5	30		1031,64	630,40	17,70	1035,75
Tipo 6	5		4195,20	4332,36	138,21	9010,00
<b>Puntos</b>			<b>0,04</b>	<b>0,08</b>	<b>2</b>	<b>0,04</b>
Descripción valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Teceiro ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		345,00	43,48	6,41	296,33
Tipo 2	10		251,52	105,43	7,02	376,33
Tipo 3	20		647,04	206,51	14,25	591,66
Tipo 4	30		1260,96	489,10	33,00	1364,66
Tipo 5	30		1327,92	630,40	29,33	1462,33
Tipo 6	5		5427,84	4332,36	231,41	12193,66
<b>Puntos</b>			<b>0,05</b>	<b>0,13</b>	<b>2</b>	<b>0,04</b>
Descripción valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Cuarto ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		492,24	43,48	12,75	492,00
Tipo 2	10		358,92	105,43	14,05	624,00
Tipo 3	20		931,56	206,51	29,43	981,50
Tipo 4	30		1825,32	489,10	69,27	2193,00
Tipo 5	30		1922,28	630,40	61,48	2315,50
Tipo 6	5		7898,64	4332,36	490,94	18811,00
<b>Puntos</b>			<b>0,07</b>	<b>0,27</b>	<b>2</b>	<b>0,06</b>
Descripción valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Quinto ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		984,60	43,48	43,04	1077,00
Tipo 2	10		717,84	105,43	47,78	1368,00
Tipo 3	20		1863,24	206,51	103,82	2152,00
Tipo 4	30		3650,64	489,10	249,02	4680,00
Tipo 5	30		3844,56	630,40	220,62	4875,00
Tipo 6	5		15797,28	4332,36	1785,67	38665,00
<b>Puntos</b>			<b>0,13</b>	<b>0,95</b>	<b>2</b>	<b>0,09</b>
<b>Total</b>		<b>10</b>	<b>0,32</b>	<b>1,48</b>	<b>10</b>	<b>0,27</b>

Sendo ésta a opción máis ventaxosa para os licitadores que non especificaron período do importe ofertado, o cual non implica que eles se comprometan a ofertar ditos equipos neses prezos por eses períodos.

Se a interpretación se fai en función ós importes por ano o resultado sería:

Descripción valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Primeiro ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		228,36	43,48	171,48	140,00
Tipo 2	10		166,44	105,43	186,24	177,80
Tipo 3	20		420,84	206,51	361,20	279,80
Tipo 4	30		811,56	489,10	814,80	702,00
Tipo 5	30		854,64	630,40	726,00	779,80
Tipo 6	5		3457,92	4332,36	5613,96	7099,80
<b>Puntos</b>			<b>1,25</b>	<b>1,98</b>	<b>1,31</b>	<b>1,4</b>
Segundo ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		271,80	86,95	193,68	198,75
Tipo 2	10		198,24	210,86	211,20	252,25
Tipo 3	20		505,32	413,02	418,32	396,75
Tipo 4	30		979,68	978,21	954,96	950,50
Tipo 5	30		1031,64	1260,80	849,96	1035,75
Tipo 6	5		4195,20	8664,72	6634,20	9010,00
<b>Puntos</b>			<b>1,72</b>	<b>1,71</b>	<b>1,87</b>	<b>1,74</b>
Teceiro ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		345,00	130,43	230,76	296,33
Tipo 2	10		251,52	316,29	252,72	376,33
Tipo 3	20		647,04	619,53	513,24	591,66
Tipo 4	30		1260,96	1467,31	1188,24	1364,66
Tipo 5	30		1327,92	1891,20	1056,12	1462,33
Tipo 6	5		5427,84	12997,09	8331,00	12193,66
<b>Puntos</b>			<b>1,7</b>	<b>1,45</b>	<b>1,92</b>	<b>1,52</b>
Cuarto ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		492,24	173,90	306,00	492,00
Tipo 2	10		358,92	421,72	337,20	624,00
Tipo 3	20		931,56	826,04	706,32	981,50
Tipo 4	30		1825,32	1956,41	1662,60	2193,00
Tipo 5	30		1922,28	2521,60	1475,52	2315,50
Tipo 6	5		7898,64	17329,45	11782,56	18811,00
<b>Puntos</b>			<b>1,63</b>	<b>1,51</b>	<b>1,92</b>	<b>1,31</b>
Quinto ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		984,60	217,38	516,48	1077,00
Tipo 2	10		717,84	527,14	573,36	1368,00
Tipo 3	20		1863,24	1032,55	1245,84	2152,00
Tipo 4	30		3650,64	2445,51	2988,24	4680,00
Tipo 5	30		3844,56	3151,99	2647,44	4875,00
Tipo 6	5		15797,28	21661,81	21428,04	38665,00
<b>Puntos</b>			<b>1,31</b>	<b>1,88</b>	<b>1,72</b>	<b>0,97</b>

Perante a indefinición do prego e as propostas pedíuse aclaración ás empresas ofertantes e os resultados das mesmas puxeron de maniesto as distintas interpretacións, todas elas lícitas, que os licitadores fixeron da cláusula de puntuación.

- DIN: Os importes corresponden ós prezos totais, ata o fin de contrato, de cada un dos equipos ata a finalización do contrato (5 anos, 4 anos, 3 anos, 2 anos e 1 ano)
- XEROX: Os importes corresponden ó prezo por mes de cada un dos equipos.
- INFORHOUSE: Os prezos corresponden a prezos totais do servizo ata a finalización do contrato pero en orde inverso ( 1 anualidade, 2 anualidades, 3 anualidades, 4 anualidades e 5 anualidades)

Coa información obtida dos licitadores a valoración quedaría da seguinte maneira:

Descrición valor	Ponderación	Puntos totales	SPETEL	DIN	XEROX	INFORHOUSE
Primeiro ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		228,36	43,48	171,48	215,40
Tipo 2	10		166,44	105,43	186,24	273,60
Tipo 3	20		420,84	206,51	361,20	430,40
Tipo 4	30		811,56	489,10	814,80	936,00
Tipo 5	30		854,64	630,40	726,00	975,00
Tipo 6	5		3457,92	4332,36	5613,96	7733,00
<b>Puntos</b>			<b>1,25</b>	<b>1,98</b>	<b>1,31</b>	<b>1,04</b>
Segundo ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		271,80	43,48	193,68	246,00
Tipo 2	10		198,24	105,43	211,20	312,00
Tipo 3	20		505,32	206,51	418,32	490,75
Tipo 4	30		979,68	489,10	954,96	1096,50
Tipo 5	30		1031,64	630,40	849,96	1157,75
Tipo 6	5		4195,20	4332,36	6634,20	9405,50
<b>Puntos</b>			<b>1,05</b>	<b>2</b>	<b>1,14</b>	<b>0,89</b>
Teceiro ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		345,00	43,48	230,76	296,33
Tipo 2	10		251,52	105,43	252,72	376,33
Tipo 3	20		647,04	206,51	513,24	591,66
Tipo 4	30		1260,96	489,10	1188,24	1364,66
Tipo 5	30		1327,92	630,40	1056,12	1462,33
Tipo 6	5		5427,84	4332,36	8331,00	12193,66
<b>Puntos</b>			<b>0,82</b>	<b>2</b>	<b>0,92</b>	<b>0,72</b>
Cuarto ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		492,24	43,48	306,00	397,50
Tipo 2	10		358,92	105,43	337,20	504,50
Tipo 3	20		931,56	206,51	706,32	793,50
Tipo 4	30		1825,32	489,10	1662,60	1901,00
Tipo 5	30		1922,28	630,40	1475,52	2071,50
Tipo 6	5		7898,64	4332,36	11782,56	18020,00
<b>Puntos</b>			<b>0,57</b>	<b>2</b>	<b>0,66</b>	<b>0,52</b>
Quinto ano(Importe total do ano)		2,00				
Tipo 1	5		984,60	43,48	516,48	700,00
Tipo 2	10		717,84	105,43	573,36	889,00
Tipo 3	20		1863,24	206,51	1245,84	1399,00
Tipo 4	30		3650,64	489,10	2988,24	3510,00
Tipo 5	30		3844,56	630,40	2647,44	3899,00
Tipo 6	5		15797,28	4332,36	21428,04	35499,00
<b>Puntos</b>			<b>0,28</b>	<b>2</b>	<b>0,37</b>	<b>0,28</b>
<b>Total</b>		<b>10</b>	<b>3,97</b>	<b>9,98</b>	<b>4,4</b>	<b>3,45</b>



Como podemos observa-lo resultado da asignación das puntuacións varia considerablemente, logo da petición de aclaracións ós licitadores, con respecto á interpretación inicial feita, tanto a propia de cada licitador que remitíu as aclaracións como a dos outros licitadores. Dita variación non fai posible a ponderación dunha forma homoxénea das diferentes ofertas sen ter en conta a información subministrada polos licitadores con carácter posterior ó acto de apertura do sobre C”.

-I-

E obxecto da presente impugnación o acordo de desestimento adoptado pola XGL no procedemento aberto para a contratación no procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de dispositivos de impresión. O desestimento se fundamenta “na infracción non subsanable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, en concreto, do criterio de adxudicación previsto no apartado 9.B.5 da FEC. O feito de fixar un criterio de adxudicación que non está redactado dun modo claro podería producir, de valoralo, desigualdades de trato entre os licitadores, pois a interpretación pola que se opte necesariamente beneficiaría a uns licitadores e prexudicaría a outros. Este resultado é contrario ós principios que rexen a nosa lexislación contractual. Efectivamente, tanto a lexislación comunitaria como a nacional establecen, entre outros, como principio da contratación pública, o de igualdade de trato entre os candidatos así como a salvagarda da libre competencia (artigo 1 TRLCSP e 2 Directiva 2004/18/CE)” (fundamento xurídico 3º do acordo de desestimento).

-II-

E preciso comezar por determina-la lexislación aplicable ó presente contrato. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ó TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación nol que non se opoña ó TRLCSP.

-III-

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe ós recursos administrativos comúns para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación de contratos suxeitos a regulación armonizada (suposto no que pode encadrarse o presente procedemento), contratos de servizos

comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 200.000 euros ou contratos de xestión de servizos públicos nos que o presuposto de gastos de primeiro establecemento sexa superior a 500.000 euros e o prazo de duración superior a cinco anos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), poidendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolve-los recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda y Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, se atribúe pola citada Comunidade ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais "a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...)".

-IV-

Se ben a tarefa de analizar sí concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo lle corresponde ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia a efectos de formular alegacións no presente informe en caso de que non concorran e, no seu caso, solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

En canto ós requisitos obxectivos, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos citados no parágrafo anterior (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexe-la contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continua-lo procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Se considerarán actos de trámite que determinan a imposibilidade de continua-lo procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores.

Neste artigo non se menciona expresamente entre os actos susceptibles de recurso especial, o desestimento da licitación. Non obstante, é doutrina consolidada dos tribunais administrativos especiais de resolución de recursos especiais en materia de contratación, que "*o desestimento da licitación, a resolución recurrida é susceptible de recurso especial, de acordo co apartado 2.c) artigo 40 TRLCSP, en tanto en canto o desestimento constitúe unha forma de terminación do procedemento de licitación, asimilable á adxudicación*" (por todos, Recurso 6/2014 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, Acordo 11/2014 de 20 Feb. 2014).

En relación ós requisitos subxectivos, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso ás persoas físicas e xurídicas os dereitos dos cales ou intereses lexítimos se viron prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). E dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación ad causam. No caso que nos ocupa o recorrente é un licitador, polo que se lle recoñece lexitimación para recurrir.

Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especifica-lo acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e se presentará perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito TEVA anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste concello de 26 de maio de 2015, a intención de interpoñer recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constalo acto recorrido, o motivo que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, a adopción da cal solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá ser acompañado da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por tέρsea transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaia ou do xornal oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ó establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente perante o TA-CRC.

Por último, respecto ós requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP). Neste caso, SPETEL presenta o recurso en data 12 de xuño de 2015. Dado que o acto recorrido lle fora notificado en data 26 de maio, o recurso se interpon dentro do prazo concedido ó efecto.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, polo que non procede solicitar do mesmo a súa inadmisión.

No fundamento xurídico seguinte se analizará o fondo da cuestión plantexada polo recorrente.

SPETEL no seu escrito de recurso solicita a revocación do acto de desestimento, petición que fundamenta en dúas liñas argumentais:

1. A falta de motivación do acordo de desestimento.
2. A actuación arbitraria desta Administración.

Considera o recorrente que o acordo de desestimento non está suficientemente motivado e manifesta que “se bota en falta, cando menos un informe xurídico que amparase o desestimento e o cumprimento dos requisitos legais que se esixen para que o mesmo poida ser adoptado”.

As descalificacións vertidas ó longo de todo o recurso contra o proceder desta administración e os seus funcionarios, denotan un descoñecemento absoluto do funcionamento das administracións locais e do procedemento administrativo.

A petición de desestimento non parte do servizo de contratación, senon que a formula o xefe-adxunto do servizo xestor do procedemento e á sazón responsable do contrato, perante a imposibilidade de valora-las ofertas económicas formuladas polos licitadores, tarefa que lle fora encomendada pola Mesa de Contratación, en aplicación do disposto no artigo 151 do TRLCSP. Dado que este funcionario é enxeñeiro de telecomunicacións, dirixe a petición, en escrito de data 20 de abril de 2015, o servizo de contratación, ó frente do cal está un funcionario xurídico, encargado de formula-la proposta ó órgano de contratación, XGL. Este informe é reproducido literalmente no fundamento xurídico segundo do acordo de desestimento. O informe-proposta de resolución aceptado polo órgano de contratación no seu acordo de data 24 de abril de 2015, é un informe xurídico, como non podía ser doutra forma, elaborado por un técnico de administración xeral, funcionario de carreira, seguindo as normas do artigo 175 do ROF.

E para acorda-lo desestimento, nin a lexislación contractual nin a de réxime local esixen informe preceptivo da Asesoría Xurídica.

Con relación ó cumprimento dos requisitos legais para acorda-lo desestimento, establece o artigo 155 o seguinte:

“(…) 2. A renuncia á celebración do contrato ou o desestimento do procedemento só poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación. En ambos os dous casos se compensará ós candidatos ou licitadores polos gastos en que tivesen incorrido, na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración.

(…)

4. O desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. O desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación”.

No fundamento xurídico terceiro do acordo de desestimento se manifesta ó respecto que:

*“Terceiro.- A nosa lexislación contractual permite ó órgano de contratación desistir do procedemento, sempre que se cumplan os seguintes requisitos (artigo 155 TRLCSP):*

1. *Que se acorde polo órgano de contratación antes da adxudicación.*

2. Que esté fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos no suposto que nos ocupa:

O presente procedemento aínda non está adxudicado pola imposibilidade de valorar os criterios disponibles mediante fórmula das ofertas dos licitadores, polo que se cumpriría o primeiro destes requisitos.

O desestímulo ven determinado pola infracción non subsanable das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, en concreto, do criterio de adxudicación previsto no apartado 9.B.5 da FEC, que establece:

“Prezo do equipamento a maiores do solicitado: se valorará con ata 10 puntos

Se valorará o importe polo que o adxudicatario subministrará dispositivos de impresión a maiores dos ofertados se así o require o Concello, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\sum (p_i * (VPM_{ij} / VP_{ij})) / 500$$

No modelo de proposición previsto no apartado 7.B da FEC, se establece con relación ó citado criterio de adxudicación que:

“6.- Propón para as unidades de dispositivos de impresión que se soliciten a maiores durante a vixencia do contrato os prezos que se consignan na seguinte tabla (IVE incluído)

Anualidade do contrato / Pi	Tipo dispositivo segundo PPT					
	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5	Tipo 6
1ª						
2ª						
3ª						
4ª						
5ª						

Pois ben, tal e como manifesta o xefe-adxunto do servizo de Administración electrónica no citado escrito, os licitadores nas súas ofertas interpretaron de maneira diferente os valores solicitados. Así uns fixaron o prezo de cada anualidade completa, outros o prezo por mes dos dispositivos durante cada anualidade, e por último, outros consignaron o prezo total dos dispositivos incluso a resolución do concurso”.

A vista destas circunstancias non é posible armoniza-las ofertas e valoralas, polo que non resulta posible a adxudicación do contrato.

*Coa exposición da concorrencia desta causa se cumpriría o último dos requisitos legais para poder desistir dun procedemento de contratación. O feito de fixar un criterio de adjudicación que non está redactado de forma clara podería producir, de valoralo, desigualdades de trato entre os licitadores, pois a interpretación pola que se opte necesariamente beneficiaría a uns licitadores e prexudicaría a outros. Este resultado é contrario ós principios que rexen a nosa lexislación contractual. Efectivamente, tanto a lexislación comunitaria como a nacional establecen, entre outros, como principio da contratación pública o de igualdade de trato entre os candidatos así como a salvagarda da libre competencia (artigo 1 TRLCSP e 2 Directiva 2004/18/CE)”.*

Como se pode apreciar nos extractos do acordo de desestimento reproducidos, non só se tiveron en conta os requisitos legais para adoptar este acordo, senon que se foron enumerando e xustificando un a un.

E non é un problema de interpretación, como manifesta SPETEL, pois no criterio falta a unidade temporal de referencia. Non é posible interpretar este criterio completando o dato que falta coa referencia temporal fixada para os prezos unitarios no apartado 3 da FEC, pois nada obsta a que noutros criterios se utilicen unidades temporais diferentes ó mes.

Manifesta ó respecto o xefe-adxunto do servizo de Administración electrónica, de data 25 de xuño de 2015, que “Perante a indefinición do prego e as propostas se pediu aclaración ás empresas ofertantes e os resultados das mesmas puxeron de manifesto as distintas interpretacións, todas elas lícitas, que os licitadores fixeron da cláusula de puntuación.

- DIN: Os importes corresponden ós prezos totais, ata o fin de contrato, de cada un dos equipos ata a finalización do contrato (5 anos, 4 anos, 3 anos, 2 anos e 1 ano).
- XEROX: Os importes corresponden ó prezo por mes de cada un dos equipos.
- INFORHOUSE: Os prezos corresponden a prezos totais do servizo ata a finalización do contrato pero en orde inverso (1 anualidade, 2 anualidades, 3 anualidades, 4 anualidades e 5 anualidades).

Como podemos observar o resultado da asignación das puntuacións varía considerablemente, logo da petición de aclaracións ós licitadores, con respecto á interpretación inicial feita, tanto a propia de cada licitador que remitiu as aclaracións como a dos outros licitadores. Dita variación non fai posible a ponderación dunha forma homoxénea das diferentes ofertas sen ter en conta a información subministrada polos licitadores con carácter posterior ó acto de apertura do sobre C”.

Da lectura deste informe se conclúe que segundo se interprete cal é a unidade temporal de referencia para fixa-los prezos dos dispositivos que se soliciten a maiores durante o prazo de execución do contrato, as puntuacións varían considerablemente.

Conclúe a informante que, ó seu xuízo, e á vista do exposto, procede a desestimación do recurso formulado por SPETEL.

-VI-

Solicita o recorrente, en otrosí do recurso especial, que se imponha a medida cautelar de suspensión do procedemento.

Aínda que esta medida só é de obrigada adopción polo tribunal no caso de que a impugnación o sexa do acto de adxudicación do procedemento, e habida conta, conforme ó exposto no fundamento xurídico V deste informe, que as alegacións verquidas polo recorrente son infundadas, non se solicita do Tribunal que non se acceda á petición de medida cautelar de suspensión por canto, por seguridade xurídica, esta Administración optou por non inicia-lo procedemento de novo.

-VII-

En mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aproba-lo presente informe.*

*2º.- Dar traslado do mesmo ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais” .*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(778).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES OFICIAIS CONDUTORES, CATRO OFICIAIS DESBROZADORES/XARDINEIROS E DOCE AXUDANTES DE OFICIOS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 26739/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/06/2015, dáse conta do informe-proposta do 23/06/2015, do técnico de Organización e Planificación do servizo, conformado pola xefa do mesmo e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*“Con data 16 de xaneiro de 2015, o Xefe do Servizo de Limpeza e Residuos Sólidos Urbanos, coa conformidade do seu Concelleiro-Delegado, solicitou o nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres oficiais condutores/as, catro oficiais desbrozadores/as-xardineiros/as e doce operarios/as peóns, para reforzar os traballos de limpeza e coidado dos areas da cidade e os seus accesos, formando parte do actual equipo de limpeza que está a desenvolver diversos traballos durante todo o ano e que traballan baixo a supervisión do Órgano Xestor, e que serían reforzados os fins de semana polas brigadas de Fomento de Construcción e Contratas (FCC) -tal e coma se establece no contrato de concesión do Servizo de Limpeza- por un período máximo de seis meses.*

*O Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 10 de xuño de 2015, ordenou a este Servizo de RR.HH a tramitación do correspondente expediente para a súa remisión a Xunta de Goberno Local, aos efectos de proceder ao nomeamento de tres oficiais condutores/as, catro oficiais desbrozadores/as-xardineiros/as e doce operarios/as peóns.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de 6 prazas de oficial condutor, catro prazas de oficial xardineiro e vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando nas actas dos respectivos órganos de selección de datas 3 de novembro, oito de xuño e 26 de decembro de 2011 respectivamente, as correspondentes propostas de contratación, formalizando contrato*

laboral fixo con data 10 e 17 de agosto de 2011 no caso dos oficiais xardineiros e o 1 de febreiro de 2012 no que respecta aos oficiais condutores e os axudantes de oficios, trala autorización da Xunta de Goberno Local nas súas sesións de 5 de agosto de 2011, 13 de xaneiro e 20 de xaneiro de 2012. Nas referidas propostas dos respectivos Órganos de Selección, que obran no expediente, figuran a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratados/as como persoal interino ou laboral.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

De conformidade co establecido no artigo 3 das anteriores "normas reguladoras e, seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como oficiais condutores dos tres seguintes aspirantes da lista de oficiais condutores, que aceptaron expresamente o mesmo, 3-D. RAUL VILA IBÁÑEZ, DNI 36.119.876-D, 4-D. JOSÉ ANGEL RODRÍGUEZ CASAL, DNI 36.125.659-L e, 5-D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI. 36.075.127-H, toda vez que o aspirante que figura como primeiro reserva D. Alfonso Puente Veiga, DNI 36.136.039-A, foi nomeado interinamente en réxime laboral, expte. 23787/220, pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 28/12/2012, tomando posesión con data 07/01/2013; o aspirante nº 2, Sousa Vázquez, Manuel, DNI 36.112.539-D, renunciou voluntariamente a aceptación dun anterior nomeamento e consecuentemente figura no último lugar da lista, asimesmo procedeuse ao chamamento dos catro oficiais da lista de oficiais xardineiros, 3-D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.086.425-T, 4-D. FABIO ÁLVAREZ ESCUDERO, DNI 33.274.663-B, 5-D. CARLOS GARCÍA VELOSO, DNI 36.050.888-K e 6-D. ARTUR SÁNCHEZ REGUEIRA, DNI 36.160.674-M, toda vez que a aspirante nº 1 Bastos Villar, Purificación, está prestando servizos na actualidade neste concello como axudante de oficios (expte. 26258/220), aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 27/02/2015.



Por último, procedeuse ao chamamento dos doce operarios-peóns aos que lle corresponde ser nomeados/as, 11-Dª LEONOR Mª BARRIO MARTÍNEZ, DNI 13.144.088-W, 33-D. JOSÉ MANUEL LAGO GUERRA, DNI 36.092.048-B, 36-D. JOSÉ PENA BESADA, DNI 76.908.282-P, 37-D. RAUL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 35.557.377-K, 39-Dª. TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, DNI 53.175.920-N, 41-D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, DNI. 36.121.570-R, 46-D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, DNI 36.118.838-Y, 47-D. MIGUEL SAÚL SANMARTÍN BARREIRO, DNI 35.316.684-T, 48-D. JESÚS VELOSO COSTAS, DNI 36.099.100-W, 49-Dª TAMARA PÉREZ TIZÓN, DNI 53.173.959-Y, 51-D. DIEGO COSTA CASAS, DNI 32.684.952-C e, 54-D. GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.052.359-C.

Significar que a aspirante que figura no primeiro lugar da lista Dª. Purificación Bastos Villar, está en situación de servizo activo neste Concello toda vez que foi nomeada interinamente pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27/02/15, expte. 26258/220, tomando posesión en data 02/03/15. Os aspirantes núms. 2 Arroyo Muñoz, Francisco, 3-Mera Aira, Arturo, 4-Prieto Almaraz, Alejandra, 6-Ballesteros Vázquez, Oscar, 7-Otero Ferverza, José, 8-Couso Suárez, Enrique Fdo., 9-Quintas Pérez, José Juan, 10-Fernández Pereira, Francisco, 71-Asensio Rodríguez, Adonis, DNI 36.157.447-K, 72-Alvarez Gómez, Angel Gabriel, DNI 35.993.183-T, 73-Sanmartín Lago, José Salvador, DNI 36.022.167-G e, 44-Basalo Domínguez, Antonio, DNI 44.470.237-J foron nomeados/as interinamente na sesión da Xunta de Goberno Local de data 22/05/15, expte. 26565/220, tomando posesión en data 22/05/15, polo que están neste intre prestado servizos neste Concello. O aspirante que figura no posto 5º D. José Manuel Martínez Barreiro, DNI 36.065.902-Q ten a condición de persoal laboral fixo deste concello coa categoría de oficial pavimentador. Os/as aspirantes nºs. 14-Comesaña Fernández, Isabel, 17-Comesaña Araujo, Manuel, 19-Otero Correa, José María, 21-Sánchez Franco, Abraham, 22-Caride González, Borja, 23-Fouz Ares, María Jesús, 24-Alonso Vidal, Tomás, 25-Castro Duarte, Alfredo B., 26-Vázquez Agulla, Miguel, 27-Fernández Alvarez, Armando e, 61-Abalde Costa, Angel, foron nomeados/as interinamente na sesión da Xunta de Goberno Local de data 07/11/14, expte. 25801/220, tomando posesión en data 12/11/14, polo que ata o 12/11/15 non están en condicións de ser novamente nomeados. Así mesmo o aspirante 68-Sierra Tielas, Bernardino figura na última posición da lista ao ter renunciado nunha ocasión a posibilidade de ser nomeado con ocasión da elaboración do expediente 26258/220, así como os aspirantes num. 15-Martínez Alonso, Jorge, 29-Reboreda Martínez, Manuel e, 45-Capelo Rodiño, José Ramón, que renunciaron nunha ocasión con ocasión da tramitación dos expedientes 24055/220, 24448/220 e 25127/220, respectivamente.

Os/as aspirantes da lista que se corresponden cos núms. 12-Gregorio Domínguez, Alberto, 13-Casal Mato, José Manuel, 20-Casal Pazó, Angel, 16-Iglesias Montes, Miguel Angel, 18-Riobó Hermida, José Manuel, 32-Basalo Domínguez, Luis, 35-Rozados Gómez, José Angel, 38-Fernández Iglesias, José Carlos, 40-González Seara, Antonio Jesús, 43-Guisande Alonso, Rubén,, 50-Martínez de la Torre, José, 52-Costas Vázquez, Andrea, 53-García Diz, Rubén, 56-Barreiro Rodríguez, Angel, 57-Sastre Aldecoa, Guillermo, 58-Alonso Areses, Manuel, 63-Bea Puentes, Eduardo V., 65-Villar Miranda, David, e, 70-Rodríguez Frade, Paulino, presentaron unha segunda renuncia polo que causan baixa definitiva na referida lista de substitucións.

Non se procedeu ao chamamento do aspirante núm. 42-Morillo Pereda, Francisco, por ter sido proposto neste mesmo expediente como oficial condutor, polo que conserva a súa posición na lista de axudantes de oficios.

Así mesmo, os aspirantes num. 28-Molina Jiménez, Rafael, 30-Pintos da Cunha, Cibrán, 31-Vázquez Rodríguez, Javier, 62-Somoza Estévez,Luis Miguel e, 69-Rodríguez Presas, Julio, foron nomeados con ocasión do expediente 26258/220, están na actualidade prestando servizos como axudantes de oficios dende o pasado 02/03/2015, expediente 26258/220.

No que respecta ao aspirante núm. 55-Fernández Iglesias, Eligio Manuel, foi nomeado pola Xunta de Goberno Local de data 18/07/2014, tomando posesión en data 21/07/14 e rematando en data 20/01/2015, polo que ata o 21/07/15 non pode ser nomeado novamente. Os aspirantes núms. 34-Díaz Alvarez, Pablo, 59-Fajardo Fariñas, Jesús e, 60-Balseiro Rodríguez, Daniel, foron nomeados interinamente pola Xunta de Goberno Local de 12/09/14, expte 25600/220, rematando o seu nomeamento o 14/03/15, polo que non están en condicións de ser novamente nomeados.

De igual xeito, os aspirantes 64-Riobó González Francisco J., 66-Riveiro Montes, Roberto e, 67-Sánchez Figueroa, Javier, foron nomeados interinamente pola Xunta de Goberno Local de data 23/03/2015, expte 26399/220, tomando posesión o 24/03/2015, polo que continúan prestando servizos neste Concello.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os/as aspirantes propostos/as levan mais de seis meses dende que remataron os seus derradeiros nomeamentos interinos, polo que están en condicións de ser novamente nomeados/as.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 233, 234 e 158 respectivamente, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 20 de setembro de 2010 e publicada no BOP de 16 de novembro de 2010 e modificacións no BOP de datas 1 e 15 de xullo de 2011, 11 e 25 de novembro de 2011, 29 de decembro de 2011, 27 de xaneiro, 9 de marzo e 27 de abril de 2012, 2 e 9 de xullo de 2012 e, 2 de febreiro de 2013, publicadas no BOP de datas 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto e 18 de setembro de 2012 e no BOP de 27 de febreiro de 2013, respectivamente).

Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización del Sector Público y otras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establece que "el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas". Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

*De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2012 e no DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral, segundo establecido no artigo 3º.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño, do MAP, e normativa de concordante aplicación.*

*Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que as citadas candidatas superaron os exercicios da oposición para a cobertura de seis prazas de oficial condutor, catro prazas de oficial xardineiro e vinteseite prazas de axudantes de oficios na última Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.*

*de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*O Real Decreto-lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, dispón no seu artigo 3.2 que durante o ano 2012 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

*g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

*h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

*i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

*j) Protección da salubridade pública.*

*k) Cemiterios e actividades funerarias.*

*l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*n) Participar na vixancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

*ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

*2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterios, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

*–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*

*–Intervención Xeral Municipal.*

*–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*

*–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*

*–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*

*–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*

*–Recursos Humanos.*

*–Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición asinado polo Xefe do Servizo de Limpeza de data 16 de xaneiro de 2015.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 202.539,72 € e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións laboral”, prevista no vixente orzamento, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de dezanove funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas (tres oficiais condutores, catro oficiais desbrozadores/xardineiros e doce Axudantes de oficios), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Limpeza contidas no escrito de data 16 de xaneiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 202.539,72 € con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como oficiais condutores á D. RAUL VILA IBÁÑEZ, DNI 36.119.876-D, D. JOSÉ ANGEL RODRÍGUEZ CASAL, DNI 36.125.659-L e, D. FRANCISCO MORILLO PEREDA, DNI. 36.075.127-H, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Oficial condutor , incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de novembro de 2011.

Terceiro.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses , como oficiais desbrozadores/as, a D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.086.425-T, D. FABIO ÁLVAREZ ESCUDERO, DNI 33.274.663-B, D. CARLOS GARCÍA VELOSO, DNI 36.050.888-K e D. ARTUR SÁNCHEZ REGUEIRA, DNI 36.160.674-M, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de oficiais xardineiros, incluídas na Oferta de Emprego

*Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 3 de xuño de 2011.*

*Cuarto.- Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como operarios/as-peóns, a D<sup>a</sup> LEONOR M<sup>a</sup> BARRIO MARTÍNEZ, DNI 13.144.088-W, D. JOSÉ MANUEL LAGO GUERRA, DNI 36.092.048-B, D. JOSÉ PENA BESADA, DNI 76.908.282-P, D. RAUL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, DNI 35.557.377-K, D<sup>a</sup>. TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, DNI 53.175.920-N, D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, DNI. 36.121.570-R, D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, DNI 36.118.838-Y, D. MIGUEL SAÚL SANMARTÍN BARREIRO, DNI 35.316.684-T, D. JESÚS VELOS COSTAS, DNI 36.099.100-W, D<sup>a</sup> TAMARA PÉREZ TIZÓN, DNI 53.173.959-Y, D. DIEGO COSTA CASAS, DNI 32.684.952-C e D. GONZALO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DNI 36.052.359-C, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de axudantes de oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma e, a acta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011.*

*Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos Cód. 233-oficial condutor/a, 234-oficial xardineiro/a e, 158-operario-a/peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza (cód. 252)".*

*Sexto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do Servizo fose necesario.*

*Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(779).- PARALIZACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME NA AVDA. BUENOS AIRES. EXPTE. 3159/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 19/06/2015, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico de área e polo concelleiro-delegado de Fomento que di o seguinte:

*"Con data 11 de xuño de 2015 procedeuse a levantar acta de comprobación de replanteo das obras de REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME NA AVDA. BUENOS AIRES.*

*Durante a inspección realizada puido comprobarse a existencia dun blandón na estrada, provocado presumiblemente por fugas no colector de saneamento existente.*

*Foi notificado á concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, para que proceda aos traballos necesarios para emendar as deficiencias existentes.*

*Foi notificado ao servizo municipal de mobilidade para que xestione ante Autopistas do Atlántico o peche do acceso da AP-9 á Avda. de Buenos Aires, para que a concesionaria Aqualia proceda a realizar os traballos.*

*Polo exposto, foi levantada acta de comprobación de replanteo NEGATIVA, suspendéndose o inicio da obra ata que sexan subsanadas as deficiencias descritas.*

*Proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- suspender o inicio das obras polos motivos indicados na acta de comprobación de replanteo NEGATIVA de data 11 de xuño de 2015, ata que sexan emendadas as deficiencias que impiden o comezo.*

*Segundo.- Notificar o presente acordo ao contratista, Construcciones Fechi S.L.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.